

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, mediante ORDE do 5 de setembro de 2022 (DOG do 19 de setembro), estableceu as bases reguladoras e o procedemento de solicitude e concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a centros docentes privados concertados dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para participar no Programa de inmersión lingüística en lingua inglesa a través de actividades dixitais, Digitalweek, durante o curso 2022/23.

A Resolución definitiva de centros docentes privados concertados para participar neste programa, está asinada con data 21 de novembro de 2022, polo Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para ser publicada no portal educativo proposta de resolución definitiva dos centros seleccionados e número de alumnado que participará de cada un deles.

O día 24 de novembro de 2022, o centro CPR Plurilingüe Casa do Neno ao que se lle adjudicaron un total de 22 prazas, renuncia a 7 prazas pola demora na publicación da información.

O CPR Plurilingüe Guillelme Brown que ten adjudicadas 17 prazas está moi interesado en enviar 20 alumnos, unha clase completa

Polo que, como hai 7 prazas vacantes ás que renuncia o CPR Plurilingüe Casa do Neno, en calidade de presidenta da Comisión de selección PROPOÑO:

- Conceder tres prazas das que quedan vacantes ao CPR Plurilingüe Guillelme Brown para que poida mandar 3 alumnos/as máis na 1ª quenda que empeza este domingo 27 de novembro, é dicir, 20 prazas en lugar de 17 que tiña concedidas.

RESOLVE:

- Conceder tres prazas máis ao CPR Plurilingüe Guillelme Brown para enviar 3 alumnos/as máis na 1ª quenda que empeza este domingo 27 de novembro, é dicir, 20 prazas en lugar de 17 que tiña concedidas.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2022

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

